

## Toponimia

### *Caraña*

O nome deste barrio do concello de Betanzos (A Coruña) ten a súa orixe segundo unha lenda no seguinte. Nos longos anos da Reconquista Deus quixo castigar os pecados dos betanceiros mandándolles de visita un becho con figura de araña con ás e cola de serpe. Polo visto daba moitos problemas e un arroutado cabaleiro procedente de Pontedeume desafiou o monstro.

O cabaleiro tropezou co becho na ponte de Caraña e houbo pelexa ata que o rematou chantándolle a lanza pola gorxa. O cabaleiro recibiu desde entón o apelido Vara, polo da lanza coa que matou ao animal, e mesmo se fixo unha capela sobre a ponte que xa non hai.

Xentes da comarca acudiron para ver o insecto e impresionados polo seu tamaño exclamaban:

□Que araña!

O que acabou sendo: Caraña!. E Caraña lle quedou para sempre a aquel lugar.

## BIBLIOGRAFÍA

ANUARIO BRIGANTINO, *Leyendas y tradiciones brigantinas. Origen del nombre de Caraña*, nº1, 1948.